

## **CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONSORCIO AEROESPACIAL GALLEGO PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS DOS SECTORES DO AEROESPACO, A SEGURIDADE E A DEFENSA NO MARCO DO OBSERVATORIO DO SECTOR AEROESPACIAL, DA SEGURIDADE E A DEFENSA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

#### **DECLÁRASE:**

Que a Consellería de Economía e Industria ten previsto formalizar coa Asociación Consorcio Aeroespacial Gallego o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 17/07/2025 ata o 31/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Regular as condicións da colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Consorcio Aeroespacial Gallego para a realización de estudos dos sectores do aeroespazo, a seguridade e a defensa no marco do Observatorio dos citados sectores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- O 8 de setembro de 2021 o Consorcio Aeroespacial Gallego (CAG) asinou coa Axencia Galega de Innovación, que naquel momento tiña entre as súas competencias a xestión da Civil UAVs Initiative/Polo Aeroespacial de Galicia, un convenio de colaboración para a creación, posta en marcha e xestión do Observatorio da Industria Aeroespacial. Ese convenio rematou en decembro de 2024 e permitiu a creación e



posta en marcha do devandito observatorio, unha iniciativa promovida pola da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria, que aspira a ser un punto de referencia na realización e difusión de estudos científicos económicos, estatísticos e de perspectiva do sector aeroespacial, con especial énfase no ámbito galego. A Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030, contempla a ampliación do ámbito de actuación do observatorio que pasará a denominarse Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa.

Unha vez comprobado o interese das entidades que conforman o sector da industria aeroespacial galega nas actividades desenvolvidas polo Observatorio, o CAG e a Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, están interesados en consolidar e dar continuidade ao Observatorio do sector aeroespacial, da seguridade e a defensa para dotar ás entidades relacionadas co sector en Galicia (empresas, Administracións Públicas, universidades e centros de coñecemento) dunhas ferramentas que acheguen os datos e as informacións necesarias para adoptar as decisións oportunas..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria na data indicada na sinatura dixital.

A Directora Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial

P.A. (Orde do 04.11.2024, DOG núm. 217, do 11.11.2024, artigo 12.d)

O Secretario Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético

